



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Lingua e Cultura dos Países de Fala Portuguesa	Código	613G02027	
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	4.5
Idioma	GalegoPortugués			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es	
Profesorado	Marques da Silva Cunha França, Patrícia das Dores Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	patricia.cunhafranca@udc.es roberto.samartin@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo dos aspectos xeográficos, históricos, culturais, lingüísticos e identitarios das comunidades de lingua portuguesa			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A18	Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.
A20	Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.
A26	Coñecer a variación lingüística da lingua portuguesa.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Demostrar capacidade de analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual	A1		
	A2		
	A10		
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada	A11		



Ser capaz de identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os diferentes aspectos destes estudos.	A14		
Demostrar un coñecemento avanzado das literaturas de lingua portuguesa	A18		
Saber utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de procura de información		B1	
Adquirir capacidade de autoformación e de autoorganización no traballo		B3 B6	
Demostrar capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico		B7	
Demostrar actitudes positivas cara a diversidade e comportarse ética, profesional e responsablemente, exercendo cidadanía.		B8 B10	
Valorizar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade		B9	
Ser capaz de utilizar as ferramentas básicas propias das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida			C3
Valorizar e relacionar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñíbel para resolver os problemas con que deben enfrontarse		B5	C6
Ser capaz de aplicar métodos e técnicas de análise lingüística e literaria	A1		
Demostrar coñecer a historia, a cultura e a variedade lingüística das comunidades lusófonas	A20 A26		
Ter capacidade para se comunicar de maneira efectiva en calquera contorno		B4	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. CUESTIÓNS XERAIS E METODOLÓXICAS	1.1. Procesos de construción sistémica (e identitaria) 1.2. A lingua portuguesa como norma (inter)sistémica 1.3. Espazos lusófonos: historias, culturas, sociedades. 1.4. Relacións e institucións culturais na Lusofonia/ Galeguía 1.5. Políticas lingüísticas e culturais na Lusofonia/ Galeguía
2. PRODUCCIÓN E PROCESOS DE CANONIZACIÓN NAS LUSOFONÍAS	2.1. Repertorios culturais lusófonos: Saudosismo, (luso)tropicalismo, negritude. 2.2. Aproximación da construción do cónone portugués 2.3. Aproximación da construción do cónone brasileiro 2.4. A presenza cultural lusófona na Ásia: Timor Lorosae e Macau.
3. LITERATURAS E CULTURAS DOS PALOP	3.1. Materiais identitarios nos PALOP: - lusografía/ portugués/ crioulo(s) - oratura/ literatura - ilhas/ arquipélagos/ continente 3.2. Aproximación da construción do(s) cónone(s) dos PALOP: manuais e historias literarias 3.3. Internacionalización da produción literaria e cultural dos PALOP: Mia Couto e Cesária Évora

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A11 A14 A20 B1 B3 B5 B6 B7 B9 C3 C6	6	25	31
Lecturas	A1 A2 A10 B7	2	10	12
Presentación oral	A11 B4	2	10	12
Proba mixta	A11 A18 A20 A26 B7	2.5	12	14.5
Recensión bilbiográfica	A1 B3 B5 B8 C6	1	4	5



Estudo de casos	A1 B1 B4 B7 B10 C3 C6	7	8	15
Sesión maxistral	A11 A14 A20 B5 B7 B8 C6	14	7	21
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Utilizando metodoloxías con base na "aprendizaxe colaborativa", o alumnado realizará individualmente ou en grupos reducidos un traballo tutelado (focado de preferencia para a pesquisa, a documentación e a elaboración de proxectos) do cal se derivará tamén a correspondente "Presentación Oral". Tanto a eventual composición do grupo como o(s) asunto(s) concreto(s) focado(s) no traballo será(n) acordado(s) co profesor no inicio das sesións.
Lecturas	Cada alumno/a realizará a lectura de unha serie de monografías, artigos ou capítulos de libro relativos aos contidos focados na materia e recollidas nunha listaxe fornecida polo profesor no inicio das sesións. O número destas lecturas será inferior a seis por alumno/a e, delas, un artigo ou capítulo de libro será obxecto de presentación oral e un libro da recensión bibliográfica.
Presentación oral	Cada alumno/a deberá presentar oralmente ao conxunto da turma os resultados do Traballo Tutelado realizado e as principais cuestións focadas nunha das leituras realizadas.  Os materiais utilizados nas exposicións orais (diapositivos, esquemas, etc.) serán disponibilizados para o conxunto do grupo através do Moodle. A calidade da lingua utilizada, os recursos e estratexias expositivas empregados, así como a clareza e arrumazón dos conteúdos vehiculados deben ser tamen levados en conta polo alumnado neste tipo de actividade.
Proba mixta	Proba escrita que poderá combinar actividades de carácter ensaístico con outras de comentario de textos.
Recensión bibliográfica	O alumnado realizará unha "Recensión bibliográfica" individual dunha lectura (en formato libro) seleccionada entre a listaxe fornecida polo profesor no inicio das sesións. A correspondente recensión será disponibilizada para o conxunto do grupo a través do Moodle.
Estudo de casos	Comentario e análise crítica de materiais de vario tipo relativos aos conteúdos focados na materia e ás destrezas que é esperado desenvolver.
Sesión maxistral	Apresentación, desenvolvemento e análise de conteúdos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Lecturas Presentación oral Recensión bibliográfica	Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente (que non unicamente) para o apoio á realización do "Traballo Tutelado". De maneira xeral, cada estudante ou grupo reducido asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.  Para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, quer no horario de atendimento quer através do correo electrónico.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Traballos tutelados	A11 A14 A20 B1 B3 B5 B6 B7 B9 C3 C6	Serán avaliados os contidos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe canto á consecución dos obxectivos procurados co &quot;Traballo Tutelado&quot;. A corrección lingüística, as estratexias e procedementos utilizados tanto para resolver eventuais problemas como para presentar o traballo serán tamén obxecto de avaliación.	30
Presentación oral	A11 B4	Para alén da utilidade da presentación para os propósitos da materia, será avaliada a calidade lingüística, o dominio do contido, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión nas exposicións, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel, a utilización dos recursos tecnolóxicos e, cando for o caso, o traballo en equipo.	10
Proba mixta	A11 A18 A20 A26 B7	Será obxecto de avaliación a adecuación entre o exposto na proba mixta e os contidos presentados e estudados na materia, tanto nas sesións maxistras e presentacións orais como nas lecturas realizadas e nos estudos de caso analisados. Será tamén levada en conta a capacidade de análise crítica, a corrección lingüística e a clareza expositiva.	40
Recensión bibliográfica	A1 B3 B5 B8 C6	Na recensión bibliográfica será avaliada a capacidade do alumnado para a lectura analítica e crítica, a corrección lingüística, a clareza expositiva (coherencia e cohesión), a capacidade de síntese, a hierarquización de contidos e a adecuación de forma e fondo.	10
Estudo de casos	A1 B1 B4 B7 B10 C3 C6	Será avaliada a participación e o traballo en equipo, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesor para cada actividade destas características.	10

#### Observacións avaliación

Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará na plataforma moodle.

Para superar a materia, o alumnado deberá atinxir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Igualmente, na proba mixta deberá obter como mínimo 4 puntos sobre 10, para poder sumar os restantes elementos avaliábeis.

O estudantado a tempo parcial e con dispensa académica realizará ou entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente cos profesores. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puiden asistir ao atendimento, deberá porse en contacto co profesorado a través do correo electrónico.

Se houber criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesorado da materia en formato "rúbrica" na sala de aulas ou a través do moodle. O docente fornecerá, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán entregar en xullo, nas datas marcadas aos efectos de avaliación pola Facultade de Filoxía, os traballos que foren solicitados e superar tamén aquelas probas (orais e/ou escritas) marcadas polo profesorado responsábel da materia.

Será considerado Non Presentado aquel alumno ou alumna que non se presenten ás probas escritas ou que non presenten ningunha das actividades.

#### Fontes de información



## Bibliografía básica

- BOSI, Alfredo (org.) (1987). Cultura brasileira: temas e situações. São Paulo: Ática
  - BOSI, Alfredo (1992). Dialética da colonização. São Paulo: Ática
  - BUARQUE DE HOLANDA, Sérgio (1995). Raízes do Brasil. São Paulo: Companhia das Letras
  - CABRAL, Amílcar (1999). Nacionalismo e cultura. Santiago de Compostela: Laiovento
  - CASAS, Arturo (2002). A Teoría crítica dacultura e a planificación dos estudos socioculturais (para lerGonzález-Millán). Anuario de estudiosliterarios galegos, pp. 29-38
  - CRISTÓVÃO, Fernando (dir.) (2005). Dicionário temático da Lusofonia. Lisboa: Texto Editores
  - LOURENÇO, Eduardo (1992). O Labirinto da Saudade. Lisboa: Dom Quixote
  - FREYRE, Gilberto (1943). Casa Grande & sanzala . Lisboa: Livros do Brasil
  - MATTOSO, José (). História de Portugal. Lisboa: Círculo de Leitores (vols. V-VIII)
  - MEDINA, JOÃO (2006). Portuguesismo(s). Lisboa: Centro de História-Univ. de Lisboa
  - MATA, Inocência (2010). Polifonias insulares. Cultura e literatura de São Tomé e Príncipe. Lisboa: Colibri
  - SALINAS PORTUGAL, Francisco (1990). Entre Próspero e Caliban. Compostela: Laiovento
  - SALINAS PORTUGAL, Francisco (2005). Literaturas Africanas en lengua portuguesa. Madrid: Síntesis
  - REIS, Roberto (1995). Os retos da diferença. Anotações sobre o discurso cultural brasileiro. Rio de Janeiro: Eds UERJ, pp 59-86
  - YURKIEVICH, Saúl (1986). Identidad cultural de iberoamerica en su literatura.. Madrid: Editorial Alhambra
  - UNIVERSIDAD DE CADIZ (). Periférica. Revista para el análisis de la cultura y el territorio.  
[http://www.uca.es/web/actividades/periferica/index\\_html](http://www.uca.es/web/actividades/periferica/index_html)
  - ENDERS, Armelle (1997). História da África Lusófona. Lisboa: Inquérito
  - ROSAS, Fernando (1998). Portugal na viragem de século - Língua portuguesa: a herança comum. Lisboa: Pavilhão de Portugal - Expo 98 e Assírio e Alvim
  - SALINAS PORTUGAL, Francisco (1994). Rosto negro. O contexto das literaturas africanas. Santiago de Compostela: Laiovento
  - MOTA, Carlos Guillerme (1977). Ideologia da Cultura Brasileira. São Paulo: Ática
  - TORRAL, Luís Reis et al (2008). Comunidades imaginadas: nação e nacionalismos em África. Coimbra: Universidade de Coimbra
  - SODRÉ, Nelson Werneck (1996). Síntese de História da Cultura Brasileira. Rio de Janeiro: Civilização Brasileira
  - ANDERSON, B. (1983). Imagined Communities. Reflections on the Origin and Spread of Nationalism. London: Verso
  - THIESSE, Anne-Marie (1999). A criação das identidades nacionais. Lisboa: Temas e Debates
  - EVEN-ZOHAR, Itamar (2010). Papers in Culture Research. Tel Aviv, Unit of Culture Research, Tel Aviv University (acesível en <http://www.tau.ac.il/~itamarez/>)
  - NATÁRIO, M. Celeste et al (2008). Actas do III Colóquio Luso-Galaico sobre a Saudade. Sintra: Zéfiro
  - LEITE, Ana Mafalda (1998). Oralidade & escrita nas literaturas africanas. Lisboa: Colibri
  - PETROV, Petar et al (ed.) (2012). Avanços em literatura e cultura brasileiras. Século XX. Santiago de Compostela-Faro: AIL-Através Editora (vol.1 e vol.2)
  - PETROV, Petar et al (ed.) (2012). Avanços em literaturas e culturas africanas e em literatura e cultura galegas . Santiago de Compostela-Faro: AIL-Através Editora
  - PETROV, Petar et al (ed.) (2012). Avanços em comparatismo nas lusofonias. Santiago de Compostela-Faro: AIL-Através Editora
  - MARTINS, Moisés de Lemos; Helena Sousa e Rosa Babecinhas (eds.) (2006). Comunicação e Lusofonia. Para uma abordagem crítica da cultura e dos media. Lisboa: Campo das Letras
- O profesor fornecerá ao longo do curso material bibliográfico complementar e outros recursos específicos para cada asunto focado.As leituras obrigatorias son as seguintes:1) Xosé Lois García (ed.): Floriram cravos vermelhos: antologia poética de expressão portuguesa em África e Ásia. Corunha: Espiral Maior, 1993.2) Amílcar Cabral: Nacionalismo e cultura. Santiago de Compostela: Laiovento, 1999. 3) Francisco Salinas Portugal: Entre Próspero e Caliban literaturas africanas de lingua portuguesa. Santiago de Compostela: Laiovento, 1999.



<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- SARAIVA, António José (1996). A Cultura em Portugal. Lisboa: Gradiva (vols.I-II)</li><li>- BARRETO, António (coord.) e PONTES, Joana (realização) (2007). Portugal, um Retrato Social. Lisboa: RTP (vols. I-VII)</li><li>- MARTINHO, Ana M. Mão-de-Ferro (2001). Cânones literários e educação. Os casos angolano e moçambicano. Lisboa: Fundação Calouste-Gulbenkian</li><li>- FEATHERSTONE, M (1995). Cultura de consumo e pós-modernismo. São Paulo: Studio Nobel</li><li>- PRADO JUNIOR, Caio (1999). Formação do Brasil Contemporâneo. Rio de Janeiro: Brasiliense</li><li>- BENDASSOLI, Pedro (coord.) et al (2009). Indústrias criativas no Brasil. São Paulo: Atlas</li><li>- CARNEIRO, R. et al (2000). Indústria de conteúdos culturais em Portugal. Lisboa: Grupo Forum-Ministério de Economia</li><li>- RED BULL MUSIC ACADEMY (2006). Lusofonia, a (R)Evolução. <a href="http://www.youtube.com/watch?v=h9hyOBypsBw">http://www.youtube.com/watch?v=h9hyOBypsBw</a></li><li>- LOPEZ, Vítor (). Língua (vidas em português). <a href="http://www.youtube.com/watch?v=b7cliHmFI8">http://www.youtube.com/watch?v=b7cliHmFI8</a></li><li>- PETROV, Petar el al (ed.) (2012). Avanços em ciências da linguagem. Santiago de Compostela-Faro: AIL-Através Editora</li><li>- VENÂNCIO, José Carlos (1996). Colonialismo, antropologia e lusofonias repensando a presença portuguesa nos trópicos. Lisboa: Vega</li></ul> <p>&lt;br /&gt;</p>
------------------------------------	---

#### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

#### Observacións

Todas as cuestións non contempladas explicitamente nesta guía ou as eventuais dúbidas en relación co desenvolvemento da materia serán resolvidas polo profesorado no seu horario de atendimento, nas sesións presenciais ou no correo electrónico que figura no lugar correspondente.

(\* )A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías